

En Santiago de Compostela, o 18 de febreiro de 2008.

REUNIDOS

Dunha parte, dona Laura Sánchez Piñón, conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, en nome e representación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e,

Doutra parte, as organizacións sindicais asinantes ao final do presente documento,

Chegan ao seguinte Acordo sobre as condicións de traballo do

PROFESORADO ITINERANTE

Primeiro.- Obxecto e ámbito de aplicación.

Teñen a consideración de profesorado itinerante os funcionarios e funcionarias e o persoal laboral docentes dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que desempeñen postos de traballo que comprenden máis dun centro educativo ubicados en distinta localidade e que implican desprazamentos habituais dende un centro base ata outro ou outros centros públicos nos que imparten docencia ou realizan actuacións de atención directa co alumnado.

En todo caso considérase profesorado itinerante o que imparte docencia nos Colexios Rurais Agrupados e as orientadoras e

orientadores que teñan centros adscritos ou presten servizos en centros compartidos.

Aos efectos de determinar a localidade na que están ubicados os centros educativos considerárase a que figura na rede de centros da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Segundo.- Horarios.

Os principios que guiarán a elaboración dos horarios do profesorado que desempeña postos de carácter singular itinerante serán a adecuada atención do alumnado e o máximo aproveitamento de recursos.

Na elaboración dos horarios deste profesorado terase en conta unha compensación horaria lectiva semanal, conforme á seguinte táboa:

Ata 50 Km: 2 horas

Desde 51 Km ata 100 Km: 3 horas

Desde 101 Km ata 150 Km: 4 horas

Máis de 150 Km: 5 horas

Excepcionalmente, en función da orografía galega e da infraestrutura viaria na que se atopan os centros nos que se itenera, ou cando a distancia a percorrer supere os 200 Km., as Xuntas de Persoal poderán establecer, ademais, unha compensación horaria de ata dúas horas de horario lectivo.

A xornada lectiva do profesorado que desempeña postos de carácter singular comezará na localidade que corresponda en función do horario establecido.

Os centros confeccionarán os horarios de tal xeito que o profesorado itinerante realice os menores desprazamentos posibles nun mesmo día, sen que teña que atender, como norma xeral, máis de tres centros diariamente. Asemade, deberá preverse que os desprazamentos se reduzan o máis posible e a atención aos centros situados na mesma ruta, se realice, preferentemente de forma sucesiva, da máis afastada á máis próxima, evitando deste xeito desprazamentos innecesarios.

Para a aplicación dos criterios establecidos neste epígrafe, a Inspección Educativa dará as instrucións oportunas aos centros educativos implicados.

Terceiro.- Características dos postos de traballo itinerantes.

Os postos de traballo itinerantes serán de aceptación voluntaria para os funcionarios e funcionarias docentes.

A distancia entre o centro de destino e os centros aos que o profesorado se ten que desprazar non superará, con carácter xeral, os 35 km. En casos excepcionais poderán sobrepasarse co acordo da correspondente Xunta de Persoal.

Ningún profesor ou profesora realizará máis de 250 Km semanais con carácter xeral. En casos excepcionais poderán sobrepasarse co acordo da correspondente Xunta de Persoal.

Cuarto.- Titorías

Non se asignarán titorías ao profesorado que desempeñe postos de traballo itinerantes mentres o resto do profesorado, exceptuando o equipo directivo, non as teña adxudicadas.

Quinto.- Períodos de recreo.

Sempre que sexa posible dentro da organización dos centros os períodos de recreo non se utilizarán para itinerar. O profesorado que desempeñe postos de carácter singular itinerante deberá atender como o resto do profesorado aos alumnos no período de recreo.

Sexto.- Desprazamentos e compensación económica.

O profesorado itinerante terá dereito a percibir os custos de locomoción cando se desprace desde o centro base a outro centro

educativo ou desde un centro educativo a outro, conforme o Decreto 144/2001, do 7 de xuño e a resolución da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de 29 de decembro de 2005 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da xunta de Galicia do 29 de decembro de 2005 sobre a revisión da contía da indemnización por uso de vehículo particular e das axudas de custo en territorio nacional.

O pago dos despramentos será efectuado polos centros educativos con cargos aos custos de funcionamento. Para estes efectos, para determinar as dotacións orzamentarias asignadas a cada centro, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria terá en conta os centros base con profesorado itinerante e as distancias a percorrer.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria indicará aos centros educativos a contía que, dentro da contía global de gastos de funcionamento, vai asignada ao pagamento dos despramentos do profesorado itinerante.

No suposto en que, por causas de forza maior debidamente xustificadas, a ruta habitual resulte intransitable, contabilizaranse os Kms percorridos nos itinerarios alternativos.

No caso de que entre dous ou máis centros haxa itinerarios alternativos e un deles implique maior risco para o profesorado itinerante, poderá elixirse o percorrido máis longo en prol dunha maior seguridade,

previa comunicación á Xunta de Persoal. A Xunta de Persoal poderá desautorizar este itinerario alternativo.

Os centros educativos realizarán os pagamentos, como máis tarde, no mes seguinte a producirse os desprazamentos.

Sétimo.- Transformación dunha praza en itinerante.

A transformación dunha praza ordinaria en praza de itinerante ou o incremento nun cincuenta por cento ou máis da itinerancia dará dereito ao persoal titular da mesma a pasar á situación de suprimido ou suprimida ou a permanecer con destino definitivo na praza.

Oitavo.- Protección da saúde e prevención de riscos laborais.

Por mor da especial función do profesorado itinerante, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, impartirá formación específica sobre prevención de riscos laborais.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria considerará como accidentes “in itinere” aqueles que se produzan nos traxectos dos desprazamentos por razón do servizo, informados como tales polos órganos competentes.

Aquelas profesoras que se atopen en período de xestación poderán deixar de itinerar a partir do quinto mes de embarazo, pasando a

realizar tarefas de apoio ou outras actividades no centro base ou no que determine a Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nomeará un profesor ou profesora substituto ou substituta para garantir a prestación dos servizos educativos.

Noveno.- Axudas no caso de accidente.

O profesorado itinerante terá dereito ás axudas para custos por accidente de automóbil que anualmente convoca a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, conforme ás normas que se determinan na Orde pola que se convocan.

Décimo.- Seguros e créditos.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria promoverá que as compañías de seguros de accidentes, de vida e de automóbil lles oferten ao profesorado itinerante pólizas máis favorables que as existentes no mercado; así mesmo negociará con entidades crediticias aos efectos de que estas poidan ofertar ao profesorado itinerante créditos brandos para a adquisición de vehículos en condicións tamén máis favorables que as existentes no mercado.

Décimo primeiro.- Aplicación do acordo

As disposicións do presente Acordo producirán efectos a partir do inicio do curso académico 2008/2009, agás o epígrafe sexto, que terá efectividade do 1 de setembro de 2007 e os apartados sétimo e o último parágrafo do apartado oitavo que terán efectividade do 1 de xaneiro de 2008.

Décimo segundo.- Comisión de seguimento.

Coa finalidade de asegurar a correcta aplicación e interpretación do presente acordo, constituirase unha comisión de seguimento formada por representantes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e das Organizacións Sindicais asinantes do mesmo. Esta comisión reunirase por solicitude de calquera das partes.

***POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN
UNIVERSITARIA***

Asdo: Laura Sánchez Piñón

POR CIG

POR CC.OO

Asdo: Anxo Louzao Rodríguez

Asdo: Dulce Mª López Gasalla

POR FETE-UGT

POR ANPE

Asdo: Raúl Gómez Farto

Asdo: Julio Díaz Escolante

POR STEG

POR CSI-CSIF

Asdo: Mª Inmaculada Cortón Tesouro

Asdo: Emérita Fernández Díaz